

A Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e a Agrupación Deportiva Baixo Miño, en colaboración do Concello de Tui e a Comunidade de Montes de Caldelas de Tui, organizan esta competición destinada ao alumnado dos Centros educativos, ANPAS, Clubes, Escolas Deportivas, Asociacións, etc. participantes no programa XOGADE da nosa zona de influencia dos concellos de Salceda de Caselas, Tui, Tomiño e O Rosal. A finalidade desta actividade é a dinamización e promoción do Deporte Escolar. Levarase a cabo o sábado 12 de novembro, sendo esta a fase zonal, da que se derivará posteriormente unha provincial e outra autonómica neste formato (a categoría benxamín non terá fase autonómica).

NORMATIVA

Art. 1.- Data e lugar. Esta competición levarase a cabo o 12 de novembro de 2022 nas instalacións da ribeira de Caldelas, terreos de titularidade municipal e da Comunidade de Montes de Caldelas.

Art. 2.- Categorias. A proba está destinada ás seguintes categorías: **benxamíns** (2014 - 2015), **alevíns** (2012-2013) **infantís** (2011-2010) e **cadetes** (2009-2008) nenos e nenas. As carreiras organizáranse por categoría e por sexo.

Art. 3.- Mutualidade. Poderán intervir aqueles deportistas das citadas categorías que estean dados de alta na modalidade de campo a través do programa XOGADE formando parte da súa entidade correspondente.

Art. 4.- Inscripcións. A inscrición dos/as participantes rematará o **día 9 de novembro, ás 14:00 horas**, e faranse directamente na aplicación XOGADE, acudindo ao evento correspondente de cada categoría, e vinculando alí aos nenos e nenas que teñamos mutualizados previamente. Adxúntase un documento con instrucións para a inscrición. Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial.

Art. 5.- Dorsais. Os dorsais facilitaranse pola organización; levarán número por cada categoría, incluírán o nome do alumno/a, centro educativo, categoría e poderán incluír un transpondedor RFID (chip) que facilite o control da carreira. Este chip deberá ser devolto á organización unha vez finalizada a carreira, e mesmo se o participante non acude á proba. Os/as participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ter como consecuencia a ausencia do/a deportista nos resultados finais.

Art. 6.- Distancias aproximadas por categoría:

Cadete 2000 m.
Infantil 1500 m.
Alevín 1000 m.
Benxamín 500 m.

Art. 6.1- Horario:

Hora Categoría

10:30 Benxamin Feminino

10:40 Benxamin Masculino

10:50 Alevín Feminino

11:05 Alevín Masculino

11:20 Infantil Feminino

11:40 Infantil Masculino

12:00 Cadete Feminino

12:20 Cadete Masculino

13:00 Publicación de resultados e entrega de medallas e trofeos

Art. 7.- Resultados. Realizarase unha clasificación individual, segundo a orde de entrada en meta, e outra por equipos, para cada unha das categorías. A clasificación por equipos será elaborada só cos atletas dos equipos que entren na meta co mínimo esixido para clasificar, que é de tres (en cadetes) ou catro (no resto de categorías) atletas por entidade. Sumaranse os postos destes tres/catro, resultando vencedor o equipo que menos puntos sume. En caso de empate resultará vencedor o equipo que teña o mellor posto individual.

Art. 8.- Premios. Habrá medallas oficiais da Secretaría Xeral para o Deporte para os/as tres primeiros/as clasificados/as individuais de cada categoría e sexo. A maiores, habrá medallas participativas para os postos cuarto a décimo en cada categoría e sexo. Habrá tamén trofeos para tres primeiros equipos en cada categoría e sexo.

Art. 9.- Sistema de clasificación. Para a fase provincial clasificarán os dez primeiros atletas individuais así coma os dous mellores equipos de cada categoría e sexo (os equipos estarán compostos por un mínimo de 3 en cadetes e 4 no resto de categorías). No caso de producirse renuncias da clasificación individual non se farán “repescas” dos seguintes clasificados/as. Os atletas clasificados individualmente que formen parte dun equipo, non contarán para o recuento de clasificados. *Exemplo: O “Equipo A” foi o primeiro equipo clasificado, con 3 atletas entre os 10 primeiros, clasificarían as posicións 11, 12 e 13 para a seguinte fase.*

Art. 10.- Desprazamentos. No caso de precisar autobús, solicitalo, cunha antelación mínima de catro días hábiles anteriores á data da proba no enderezo electrónico transportexogade.pontevedra@xunta.es Non será posible xestionar ningún transporte se a solicitude é posterior ao límite indicado.

No caso dos centros educativos participantes, a xestión do transporte realizarase de maneira centralizada a través da propia Agrupación Deportiva, a quen habrá que comunicar o número de viaxeiros necesarios para saír do centro educativo correspondente.

Art. 11.- Avituallamento. Dende a organización facilitarase avituallamento consistente en chocolate quente, auga, bocadillo e froita. Serán os responsables legais dos alumnos e alumnas (titores legais, mestres acompañantes, responsables de clubs...) os que supervisen esa recollida do avituallamento da súa delegación correspondente, dado que a organización non pode controlar alerxias ou intolerancias concretas. O chocolate está elaborado con leite de vaca sen tratamento específico, os bocadillos con pan con gluten.

Art. 12.- Outros. Todo o non disposto neste regulamento resolverase de acordo á normativa XOGADE.